

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

22191 *REAL DECRETO 1163/2002, do 8 de novembro, polo que se crean e regulan as especialidades sanitarias para químicos, biólogos e bioquímicos.* («BOE» 274, do 15-11-2002.)

Os reais decretos 127/1984, do 11 de xaneiro, e 2708/1982, do 15 de outubro, sobre a obtención do título de médico especialista e farmacéutico especialista, supuxeron a consolidación dun sistema de formación sanitaria especializada, acorde coas esixencias comunitarias e co nivel de formación que é esixible ós que exercen a súa profesión en áreas de actividade directamente relacionadas co dereito á protección da saúde, reconecido polo artigo 43.1 da nosa Constitución.

O carácter multiprofesional de determinadas especialidades, xunto con novas situacións derivadas da evolución do sistema sanitario e a súa adecuación ás pautas establecidas pola Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, determinan que, a partir da década dos oitenta, se fose posibilitando que nas convocatorias anuais para a selección de especialistas en formación participasen licenciados en química, bioloxía e bioquímica, ós que se lles ofreceu a posibilidade de adquiriren unha formación especializada, seguindo os mesmos programas formativos cós establecidos para médicos e farmacéuticos, aínda cando esta non conducise á obtención dun título oficial de especialista.

A experiencia adquirida desde que se iniciou este proceso foi positiva e aconsella a creación dos títulos oficiais destas especialidades sanitarias para os licenciados universitarios anteriormente citados, sen que este real decreto, que ten como finalidade crear novos títulos de especialista, implique ningunha incursión nas competencias que corresponden ás comunidades autónomas para determina-la composición dos cadros de persoal das institucións sanitarias que integran os seus respectivos servicios de saúde.

Non cabe dúbida dos beneficios que obterá o sistema sanitario coa configuración multiprofesional das especialidades que regula este real decreto, xa que, aínda cando o médico e, por conseguinte, o médico especialista siga sendo a figura central do dito sistema, a incorporación destes novos especialistas posibilitará o traballo interdisciplinar, elevando o seu nivel científico e técnico ó mesmo tempo que estimulará o enriquecemento mutuo de todos eles, como consecuencia da súa distinta formación universitaria de pregrao.

Esta favorable disposición cara á creación das especialidades sanitarias para químicos, biólogos e bioquímicos, que permitirá ó mesmo tempo regulariza-la situación dos que exerceron profesionalmente no ámbito destas especialidades sanitarias sen un título de especialista,

transcendeu dos ámbitos sanitario e docente, suscitando interese tanto nas Cortes Xerais como nos correspondentes colexios profesionais. A este respecto, o Senado, en moción aprobada o 24 de outubro de 2000, e o Congreso dos Deputados, en proposición non de lei aprobada o 28 de novembro de 2000, instaron o Goberno para crear e regula-las especialidades sanitarias de químicos, biólogos e bioquímicos, a través dunha norma con rango de real decreto.

A disposición adicional décimo sexta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 18.1 do Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de posgrao, regulan os títulos de especialización para graduados universitarios. Estes preceptos, en relación co previsto nos artigos 40.10 e 104 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, constitúen a base legal para a creación dos títulos de especialista regulados polo presente real decreto, os cales se obterán polo procedemento de residencia, o que implica, entre outras cousas, a acreditación de prazas docentes mediante criterios obxectivos, a avaliación de coñecementos e a existencia dun vínculo retribuído durante o período no que se imparta o programa.

Na elaboración deste real decreto foron oídas as corporacións profesionais correspondentes, os Consellos Nacionais de Especialidades Médicas e Especializacións Farmacéuticas, o Consello de Universidades e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Educación, Cultura e Deporte, coa previa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2002,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Normas xerais.*

1. Créanse os títulos oficiais de químico especialista, biólogo especialista e bioquímico especialista nas especialidades sanitarias e para os licenciados universitarios que se citan no anexo deste real decreto.

Estes títulos de especialista serán expedidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e serán necesarios para utilizar de modo expreso a denominación de especialista e para ocupar postos de traballo con tal denominación, en establecementos ou institucións públicas ou privadas.

2. O sistema de formación previo á obtención dos títulos de especialista a que se refire o punto anterior será o de residencia en centros sanitarios, con unidades docentes acreditadas para a formación na especialidade de que se trate.

3. O acceso á formación, a súa organización, supervisión e avaliación; a acreditación de centros e unidades docentes, e o procedemento para a obtención do título de especialista naquelas especialidades ás que, de acordo coa lexislación vixente, tamén poden acceder os licenciados en medicina, efectuarase, no non previsto por este real decreto, conforme o disposto no Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, polo que se regula a formación médica especializada e a obtención do título de médico especialista, e normativa de desenvolvemento, respecto ás especialidades médicas nas que a formación se imparta polo sistema de residencia.

Do mesmo modo, a especialidade de radiofarmacia aterase, para estes efectos, ó disposto no Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro, polo que se regulan

os estudos de especialización e a obtención do título de farmacéutico especialista, e normativa de desenvolvemento, para as especializacións farmacéuticas nas que a formación tamén se imparta polo sistema de residencia.

4. Os licenciados en bioquímica poderán acceder a prazas de formación sanitaria especializada, convocadas para químicos ou para biólogos, segundo a opción elixida por cada licenciado en bioquímica no momento de presenta-la súa solicitude para participar na correspondente convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada. Esta opción determinará o exercicio que realizará o aspirante, así como as prazas e especialidades ás que poderán acceder en cada convocatoria.

5. A formación adecuarase ós programas oficiais de cada especialidade, que serán periodicamente revisados, actualizados e publicados no «Boletín Oficial del Estado», para o seu xeral coñecemento.

Sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira deste real decreto, o programa formativo de cada unha das especialidades ás que se refire o punto 1 deste artigo será aprobado pola Secretaría de Estado de Educación e Universidades, por proposta das correspondentes comisións nacionais e logo do informe da Subsecretaría de Sanidade e Consumo.

No programa de cada especialidade, que será común para tódolos licenciados que poidan cursalo, determinarase a duración do período de formación, que non poderá ser inferior ó que, se é o caso, establezan as normas da Unión Europea para a especialidade de que se trate.

Artigo 2. *Comisións nacionais.*

1. Créanse, como órganos consultivos dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, adscritos á Subsecretaría deste último, as seguintes comisións nacionais:

a) Comisión Nacional da Especialidade de Análises Clínicas para Químicos, Biólogos e Bioquímicos.

b) Comisión Nacional da Especialidade de Bioquímica Clínica para Químicos, Biólogos e Bioquímicos.

c) Comisión Nacional da Especialidade de Microbioloxía e Parasitoloxía para Químicos, Biólogos e Bioquímicos.

d) Comisión Nacional da Especialidade de Radiofarmacia para Químicos, Biólogos e Bioquímicos.

e) Comisión Nacional da Especialidade de Inmunoloxía para Biólogos e Bioquímicos.

A creación das comisións nacionais que se citan neste punto enténdese sen prexuízo das que se prevén no artigo 11 do Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro, e no artigo 13 do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro.

2. As comisións nacionais anteriormente citadas rexeranse, coas peculiaridades previstas neste decreto, polo disposto sobre órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Cada comisión nacional elixirá, entre os seus membros, o presidente e o secretario. O voto do presidente terá carácter decisivo en caso de empate.

4. Os vocais das comisións nacionais serán renovados ou ratificados nas correspondentes vocalías, cando así o acorde o organismo ou entidade que os propuxo e, en todo caso, cando transcorresen catro anos desde a súa designación.

Non obstante o anterior, os vocais representantes dos residentes renovaranse cada dous anos.

5. O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través da súa Subsecretaría, prestará o apoio administrativo necesario para o correcto funcionamento das comisións previstas neste artigo.

Artigo 3. *Composición das comisións nacionais.*

1. Os membros de cada unha das comisións nacionais que se citan no artigo 2.1, alíneas a), b), c) e d), serán designados polo subsecretario de Sanidade e Consumo, segundo a seguinte composición:

a) Tres vocais, por proposta do secretario de Estado de Educación e Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, entre catedráticos, profesores titulares de universidade ou profesores asociados a esta, adscritos a departamentos universitarios onde se imparten as licenciaturas de química, bioloxía e bioquímica, que sexan licenciados nalgunha destas titulacións e estean en posesión do correspondente título de especialista, e que exerzan a súa actividade docente na área de coñecemento correspondente á especialidade de que se trate.

b) Tres vocais, designados directamente polo subsecretario de Sanidade e Consumo, entre licenciados en química, bioloxía e bioquímica, que teñan o correspondente título de especialista e presten servicios en institucións sanitarias acreditadas para a docencia.

c) Dous vocais, licenciados en química, bioloxía ou bioquímica, que teñan o correspondente título de especialista, propostos polas entidades e sociedades científicas constituídas legalmente con carácter estatal, o ámbito de actuación dos cales estea relacionado coa especialidade de que se trate.

d) Dous vocais, en representación dos químicos, biólogos e bioquímicos residentes da correspondente especialidade, elixidos por eles mesmos, entre os que se encontren, como mínimo, en segundo ano de formación.

e) Dous vocais, licenciados en química, bioloxía ou bioquímica, que teñan o correspondente título de especialista, propostos, respectivamente, polos consellos xerais de colexios oficiais de químicos e biólogos.

2. Os membros da Comisión de Inmunoloxía, que se cita no artigo 2.1.e), serán designados polo subsecretario de Sanidade e Consumo, segundo a seguinte composición:

a) Tres vocais, por proposta do secretario de Estado de Educación e Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, entre catedráticos, profesores titulares de universidade ou profesores asociados a esta, adscritos a departamentos universitarios onde se imparten as licenciaturas de bioloxía e bioquímica, que sexan licenciados nalgunha destas titulacións e estean en posesión do correspondente título de especialista en inmunoloxía e que exerzan a súa actividade docente na área de coñecemento correspondente á especialidade de que se trate.

b) Tres vocais, designados directamente polo subsecretario de Sanidade e Consumo, entre licenciados en bioloxía ou bioquímica, que teñan o correspondente título de especialista en inmunoloxía e presten servicios en institucións sanitarias acreditadas para a docencia.

c) Un vocal, licenciado en bioloxía ou bioquímica, que teña o correspondente título de especialista en inmunoloxía, proposto polas entidades e sociedades científicas constituídas legalmente con carácter estatal, o ámbito de actuación dos cales estea relacionado coa especialidade de inmunoloxía.

d) Dous vocais, en representación dos biólogos e bioquímicos residentes da especialidade de inmunoloxía,

elixidos por eles mesmos, entre os que se encontren, como mínimo, en segundo ano de formación.

e) Un vocal, licenciado en bioloxía ou bioquímica, que teña o título de especialista en inmunoloxía, proposto polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos.

Artigo 4. *Funcións das comisións.*

Correspóndelles ás comisións nacionais previstas neste real decreto:

a) Propo-los programas correspondentes para a formación en cada especialidade e eleválos a informe da Subsecretaría de Sanidade e Consumo, para a súa posterior aprobación pola Secretaría de Estado de Educación e Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

b) Emitir informe sobre os requisitos xerais que teñen que reuni-las unidades docentes para ser acreditadas na especialidade de que se trate, así como os expedientes de acreditación e, se é o caso, desacreditación de cada unha delas; para estes efectos teranse en conta as características organizativas dos servicios sanitarios das distintas comunidades autónomas.

c) Emitir informe sobre a oferta anual de prazas en formación da especialidade e titulación que en cada caso corresponda, que se incluírán nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a estas prazas.

d) Determinar, nos termos previstos pola Orde do 22 de xuño de 1995, pola que se regulan as comisións de docencia e os sistemas de avaliación de médicos e farmacéuticos especialistas, a cualificación final do período de formación.

e) Propor ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a concesión do título de especialista, á vista da avaliación do período de residencia.

f) Emitir informe, a pedimento da Secretaría de Estado de Educación e Universidades, sobre os cambios de especialidade nos casos excepcionais en que exista unha petición fundada. Estes cambios só poderán producirse no ámbito das especialidades ás que pode acceder cada titulación, segundo o previsto no anexo deste real decreto.

g) Realiza-las funcións previstas neste real decreto en relación coas solicitudes que se formulen para a concesión do correspondente título de especialista, ó abeiro do previsto nas disposicións transitorias segunda, terceira, cuarta e quinta.

h) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que se elaboren en materia da súa específica competencia, en especial os relativos ó establecemento, cambio de denominación ou supresión de especialidades; á creación, dentro delas, de áreas de capacitación específica, e á organización, desenvolvemento e avaliación da formación especializada.

i) Colaborar, mediante informes, propostas e asistencia técnica, cos ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación, Cultura e Deporte, e outros organismos e institucións interesados no desenvolvemento e consolidación da formación especializada no ámbito sanitario, especialmente nos campos das innovacións metodolóxicas e de investigación.

j) Propor ós ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación, Cultura e Deporte a realización de auditorías nos diferentes centros e unidades acreditadas para a formación da especialidade de que se trate.

Artigo 5. *Ficheiros automatizados.*

As cuestións relativas ó período formativo e expedición dos títulos oficiais de especialista que se regulan neste real decreto incorporaranse ós seguintes ficheiros automatizados:

a) Os datos sobre o acceso e período formativo do persoal que obteña praza en formación da especialidade de que se trate polo procedemento previsto no artigo 1 deste real decreto incorporaranse ó ficheiro de residentes e ó ficheiro de probas selectivas, nos termos previstos na Orde do 3 de outubro de 1997 («Boletín Oficial del Estado» do 13), pola que se modifica a Orde do 21 de xullo de 1994, reguladora dos ficheiros con datos de carácter persoal xestionados polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

b) Os datos relativos á concesión do título oficial da especialidade de que se trate, ó abeiro do previsto neste real decreto, incorporaranse ó ficheiro automatizado de especialidades en ciencias da saúde, previsto no anexo II da Orde ECD/2063/2002, do 1 de agosto («Boletín Oficial del Estado» do 13), pola que se regulan os ficheiros automatizados con datos de carácter persoal do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e dos seus organismos autónomos.

c) As inscricións correspondentes ós títulos expedidos incorporaranse ó ficheiro automatizado de títulos do anexo I da indicada Orde do 26 de xullo de 1994.

Disposición adicional primeira. Coordinación de actuacións entre as distintas comisións nacionais da mesma especialidade.

Cando os estudos da especialidade sexan comúns para varias licenciaturas e exista máis dunha comisión nacional para cada unha delas, estas comisións deberán efectuar, conxuntamente, as propostas correspondentes ó exercicio das competencias comúns que teñan atribuídas como propias, debendo, para tal efecto, celebrar cantos contactos, reunións ou grupos de traballo sexan necesarios, a fin de que as administracións educativa e sanitaria poidan adoptar-las resolucións pertinentes.

Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo adoptarán as medidas que estimen pertinentes, para conseguir propostas consensuadas polas comisións nacionais implicadas, correspondendo ós ditos departamentos ministeriais, no caso de que non se alcance acordo, a resolución definitiva sobre a proposta de que se trate.

Disposición adicional segunda. Sistema formativo da especialidade de radiofarmacia para farmacéuticos.

Modifícase o artigo 3 do Real decreto 2708/1982, de 15 de outubro, polo que se regula a obtención do título de farmacéutico especialista, trasladando a especialidade de radiofarmacia ó grupo primeiro, de especializacións que requiren basicamente formación hospitalaria. Os especialistas en radiofarmacia formaranse, en todo caso, polo sistema de residencia ó que se refire o artigo 5.1.1.º do dito real decreto.

A duración e demais características do período formativo desta especialidade ateranse ó que dispoña o seu programa oficial, que se aprobará segundo o previsto no artigo 1.5 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. Títulos estranxeiros.

A homologación ou recoñecemento de títulos estranxeiros por algún dos títulos de especialista regulados neste real decreto será efectuada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O procedemento atérase, coas necesarias adaptacións, ó previsto na Orde do 14 de outubro de 1991 («Boletín Oficial del Estado» do 23), modificada pola Orde do 16 de outubro de 1996 («Boletín Oficial del Estado» do 19), e, se é o caso, ó que prevegan as directivas comunitarias que resulten de aplicación.

c
Disposición adicional cuarta. *Normativa aplicable ó persoal estatutario.*

De conformidade co previsto na disposición adicional décimo terceira da Lei 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servicios de saúde, o persoal estatutario que, estando en posesión dun título oficial de especialista dos regulados por este real decreto, preste servizo en institucións sanitarias da Seguridade Social en postos de traballo para os que se requiran estes títulos, estará incluído no ámbito de aplicación do Estatuto xurídico de persoal médico da Seguridade Social, ó que accederá polo procedemento establecido para os facultativos especialistas.

Disposición transitoria primeira. *Acceso directo ó título de especialista polos que obtivesen praza formativa en convocatorias de probas nacionais de carácter selectivo anteriores a este real decreto.*

1. Poderán solicitar, ante o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a concesión do correspondente título de especialista polo sistema previsto no artigo 1.2 deste real decreto os licenciados en química, bioloxía e bioquímica, ou posuidores de títulos homologados ou declarados equivalentes a aqueles, que no momento da entrada en vigor desta norma conclúsen a súa formación polo sistema de residencia, tendo sido avaliados positivamente e figuren inscritos no Rexistro Nacional de Especialistas en Formación, por ter obtido praza formativa mediante convocatoria nacional de proba selectiva, publicada por orde da autoridade competente no «Boletín Oficial del Estado».

2. Así mesmo, os licenciados en química, bioloxía e bioquímica, ou posuidores de títulos homologados ou declarados equivalentes a aqueles, que á entrada en vigor desta norma estean cursando os seus períodos formativos como residentes, por teren obtido praza mediante convocatoria nacional de proba selectiva, publicada no «Boletín Oficial del Estado» por orde do ministro da Presidencia, poderán obterlo correspondente título de especialista polo sistema previsto no artigo 1.2 deste real decreto, unha vez concluídos os seus períodos de residencia, con avaliación positiva.

3. Co fin de que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte proceda, se é o caso, á concesión do correspondente título de especialista, o Ministerio de Sanidade e Consumo, tras efectuar as pertinentes comprobacións, trasladará ó dito departamento ministerial os datos existentes no Rexistro de Especialistas en Formación, relativos ós que se encontren afectados polo previsto nos puntos 1 e 2 desta disposición transitoria.

Disposición transitoria segunda. *Vías transitorias de acceso ó título de especialista para o persoal vinculado a institucións sanitarias.*

1. Poderán solicitar que lles sexa concedido un dos títulos de especialista que se citan no anexo deste real decreto os licenciados en química, bioloxía e bioquímica, ou posuidores de títulos homologados, ou declarados equivalentes a aqueles, que, mediante nomeamento administrativo ou contrato laboral, desempeñen en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou concertadas con el, postos de traballo ou prazas que requiran os coñecementos previstos no programa formativo da especialidade que se solicite.

Para estes efectos, os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, oídas as comisións nacionais afectadas, habilitarán o prazo de presentación de solicitudes e o procedemento de trami-

tación destas, no que se terá en conta o previsto nos puntos seguintes desta disposición transitoria.

2. O desempeño dos postos de traballo, co contido funcional que se cita no punto 1 desta disposición transitoria, deberá terse realizado durante un período non inferior ó da duración do programa formativo da correspondente especialidade, dentro dos oito anos anteriores á entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante, os que non cumpran a totalidade do período sinalado no parágrafo anterior poderán completalo con posterioridade á vixencia deste real decreto, sempre que o desempeño dos correspondentes postos de traballo se iniciase antes da súa entrada en vigor.

3. As solicitudes serán examinadas pola correspondente comisión nacional, que formulará unha das seguintes propostas:

a) Concesión do título de especialista. Para adoptar esta proposta será preciso que o interesado acredite a experiencia profesional que se cita no punto 2 desta disposición transitoria, e que a Comisión Nacional estime, á vista do seu historial profesional, que a súa formación é análoga á esixida polo programa formativo da correspondente especialidade.

b) Seguimento nunha unidade acreditada para a docencia dun programa formativo complementario. Para adoptar esta proposta, será preciso que o interesado acredite unha experiencia profesional non inferior á duración do programa formativo da especialidade de que se trate e que a Comisión Nacional estime que as carencias da súa formación poden suplirse cun programa específico, que, unha vez concluído, deberá ser avaliado pola citada comisión, que só propondrá a concesión do título de especialista se a súa avaliación foi favorable.

O programa específico de formación, a duración do cal non poderá ser superior a seis meses, non será obxecto de retribución e planificarase de tal forma que, na medida do posible, cause a menor interferencia na actividade profesional ordinaria do interesado.

c) Desestimación da solicitude. Adoptarase esta proposta cando, a xuízo da Comisión Nacional, a formación e a experiencia acreditadas polo interesado non cumpran o período establecido no punto 2 desta disposición transitoria, ou, cando cumprindo este período, adoezan de deficiencias cualitativas na formación, non susceptibles de seren completadas mediante o programa formativo complementario, ó que se refire a anterior alínea b).

Disposición transitoria terceira. *Vías transitorias de acceso ó título de especialista para os que estean colexiados para o exercicio profesional.*

1. Poderán solicitar a concesión dun dos títulos de especialista que se citan no anexo deste real decreto os licenciados en química, bioloxía e bioquímica, ou posuidores de títulos homologados ou declarados equivalentes a aqueles que, mediante certificación expedida polo colexio oficial que corresponda, acrediten ter exercido as actividades propias da especialidade que se solicita, nos termos previstos no punto seguinte.

Para estes efectos, os colexios profesionais solicitarán dos seus colexiados cantos documentos e medios de proba resulten necesarios, para determinar que o exercicio profesional esixido se corresponde coas actividades propias da especialidade de que se trate.

Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, oídas as comisións nacionais afectadas, habilitarán o prazo de presentación de solicitudes e o procedemento de tramitación destas, no que se terá en conta o previsto nos puntos seguintes desta disposición transitoria.

2. O período de tempo de exercicio profesional que se cita no punto 1 desta disposición transitoria deberá

ser, en todo caso, superior ó 150 por 100 do fixado no programa formativo da correspondente especialidade, dentro dos oito anos anteriores á entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante, os que non cumpran a totalidade do período sinalado no parágrafo anterior poderán completalo con posterioridade á vixencia deste real decreto, sempre que este exercicio profesional se iniciase antes da súa entrada en vigor.

3. As solicitudes serán examinadas pola correspondente Comisión Nacional, que formulará algunha das seguintes propostas:

a) Concesión do título de especialista. Para adoptar esta proposta será preciso que o interesado acredite o exercicio profesional que se cita no punto 2 e que a Comisión Nacional, á vista do historial profesional do interesado debidamente documentado, estime que a súa formación é análoga á esixida polo programa da correspondente especialidade.

b) Superación das probas que determinen os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, oída a Comisión Nacional da especialidade de que se trate, as cales versarán sobre os contidos teórico-prácticos do correspondente programa formativo. Para adoptar esta proposta será preciso que o solicitante acredite a experiencia profesional que se cita no punto 2 e que a comisión estime, á vista do historial profesional do interesado, debidamente documentado, que a súa formación non se adecua, de forma satisfactoria, á esixida polo programa da especialidade.

Cada aspirante poderá concorrer a unha soa convocatoria das mencionadas probas.

c) Desestimación da solicitude. Adoptarase esta proposta cando, a xuízo da correspondente Comisión Nacional, a formación e o exercicio profesional acreditados polo interesado non cumpran o período establecido no punto 2 desta disposición transitoria, ou cando, cumprindo este período, padezan de deficiencias cualitativas na formación non susceptibles de seren emendadas mediante a superación das probas que se citan na anterior alínea b).

Disposición transitoria cuarta. Vías transitorias de acceso ó título de especialista para o persoal docente.

Poderán solicita-la concesión do correspondente título de especialista os licenciados en química, bioloxía e bioquímica ou posuidores de títulos homologados ou declarados equivalentes a aqueles, pertencentes ós corpos de catedráticos ou profesores titulares de universidade, ou que sexan profesores asociados a esta, dos que o exercicio docente e investigador, no momento da entrada en vigor deste real decreto, se corresponda con áreas de coñecemento directamente relacionadas cos contidos propios da especialidade de que se trate, e acrediten actividade asistencial e docente, durante un tempo non inferior á duración do programa formativo da especialidade que se solicite, nos oito anos anteriores á entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante, os que non cumpran a totalidade do período de actividade docente e asistencial sinalado no parágrafo anterior poderán completalo con posterioridade á vixencia deste real decreto, sempre que esta actividade se iniciase antes da súa entrada en vigor.

Para dar cumprimento ó previsto nesta disposición transitoria, os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo, oídas as comisións nacionais afectadas, habilitarán o prazo de presentación de solicitudes e o procedemento para a súa tramitación.

Disposición transitoria quinta. Número de especialidades sanitarias que poden ser solicitadas.

En aplicación do previsto nas disposicións transitorias segunda, terceira e cuarta deste real decreto, cada interesado só poderá solicita-la expedición dun único título de especialista, con independencia de que a correspondente solicitude se curse ó abeiro dunha ou varias destas disposicións.

Disposición transitoria sexta. Normas relativas ó funcionamento inicial das comisións nacionais que se crean.

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo do informe do Ministerio de Sanidade e Consumo, e oídas as organizacións colexiais afectadas e sociedades científicas que se citan no artigo 3, concederá o correspondente título de especialista a aqueles vocais citados nas alíneas a), b), c) e e) dos números 1 e 2 do mencionado artigo 3, que sexan designados para o primeiro mandato da correspondente Comisión Nacional, sempre que esta designación recaia en persoas de recoñecido prestixio e unha experiencia profesional de polo menos cinco anos en hospitais e servicios acreditados para a docencia da especialidade de que se trate.

2. Coa finalidade de que a renovación das comisións nacionais de nova creación se produza de forma gradual, a duración do primeiro mandato reducirase a dous anos para os seguintes vocais que se citan no artigo 3: dous vocais dos incluídos na alínea a) dos puntos 1 e 2, e dous vocais dos incluídos na alínea b) dos mencionados puntos.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto apróbase en uso das competencias que atribúe en exclusiva ó Estado o artigo 149.1.30.^a da Constitución para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, e conforme as que a disposición adicional décimo sexta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, asigna ó Goberno para a creación, cambio de denominación e supresión das especialidades sanitarias e para a determinación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos correspondentes.

Disposición derradeira segunda. Supervisión da calidade da formación posgraduada.

Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade e Consumo e as comunidades autónomas velarán, no ámbito das súas respectivas competencias, pola calidade da formación especializada impartida e polo seu desenvolvemento, conforme o establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento.

Autorízanse os ministros de Sanidade e Consumo e de Educación, Cultura e Deporte para dictar conxuntamente as disposicións precisas para a aplicación do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

c

ANEXO

1. Os que estean en posesión do título de licenciado en química ou dalgún dos títulos universitarios españois legalmente homologados ou declarados equivalentes a el, ou os que obtivesen do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, conforme a lexislación aplicable, o recoñecemento ou homologación de título estranxeiro equivalente a este, poderán acceder ás seguintes especialidades:

- a) Análises clínicas.
- b) Bioquímica clínica.
- c) Microbioloxía e parasitoloxía.
- d) Radiofarmacia.

2. Os que estean en posesión do título de licenciado en bioloxía ou dalgún dos títulos universitarios españois legalmente homologados ou declarados equivalentes a el, ou os que obtivesen do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, conforme a lexislación aplicable, o recoñecemento ou homologación de título estranxeiro equivalente a este, poderán acceder ás seguintes especialidades:

- a) Análises clínicas.
- b) Bioquímica clínica.
- c) Inmunoloxía.
- d) Microbioloxía e parasitoloxía.
- e) Radiofarmacia.

3. Os que estean en posesión do título de licenciado en bioquímica, ou os que obtivesen do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, conforme a lexislación aplicable, o recoñecemento ou homologación de título estranxeiro equivalente a este, poderán acceder ás especialidades que se relacionan nos dous puntos anteriores deste anexo.

22192 *REAL DECRETO 1164/2002, do 8 de novembro, polo que se regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ó orixinal.* («BOE» 274, do 15-11-2002.)

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, regula no seu título VII, capítulo I, as cuestións relativas á conservación do patrimonio documental como parte integrante do patrimonio histórico español. No seu artigo 55 establece que a exclusión ou eliminación de bens do patrimonio documental e bibliográfico contemplados no artigo 49.2 e dos demais de titularidade pública deberá ser autorizada pola Administración competente, por proposta dos seus propietarios ou posuidores, mediante o procedemento que se establecerá por vía regulamentaria.

O artigo 58 da dita lei atribúe o estudio e dictame das cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos da Administración do Estado e do sector público estatal, así como a súa integración nos arquivos e o réxime de acceso e inutilidade administrativa de tales documentos, á Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, as competencias, composición e funcións da cal foron determinadas polo Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro.

En desenvolvemento das citadas previsións legais e co fin de que a Comisión Superior Cualificadora poida

exercer plenamente as súas competencias, é preciso regula-la conservación da documentación histórica, o control da eliminación de documentos xerados pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a súa conservación en soporte distinto ó orixinal.

Esta normativa é, ademais, imprescindible para a racionalización do tratamento da documentación e conseguinte mellora da propia xestión da Administración, á vez que se asegura a conservación daqueles dos seus documentos que teñan valor histórico.

O propio tempo resulta conveniente establecer nesta mesma disposición as normas relativas á conservación de documentos administrativos en soportes distintos ó orixinal, de maneira que, se é o caso, poida eliminarse con suficientes garantías o soporte papel de determinadas series documentais, mantendo os soportes dixitais ou ópticos correspondentes. Esta regulación ten a súa base nas previsións dos artigos 45.5 e 46 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e relaciónase co establecido no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, sobre utilización de técnicas informáticas, electrónicas e telemáticas na Administración xeral do Estado.

Por outra parte, e dado que cuestións abordadas no presente real decreto foron xa contempladas especificamente para os arquivos militares no regulamento aprobado polo Real decreto 2598/1998, do 4 de decembro, este regulamento queda en certos aspectos afectado pola nova normativa, e a isto se refire a disposición adicional segunda.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte, de Defensa, de Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Con obxecto de garantir unha adecuada protección do patrimonio documental da Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela, a eliminación dos documentos administrativos e de series destes, así como a súa conservación en soporte diferente ó da súa produción orixinal, rexeráse polo disposto neste real decreto.

2. Este real decreto é de aplicación ós documentos e series documentais producidos, conservados ou reunidos pola Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela, calquera que sexa o seu soporte.

Artigo 2. *Réxime da eliminación de documentos e, se é o caso, da súa conservación en soporte distinto ó orixinal.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por eliminación de documentos a destrución física de unidades ou series documentais polo órgano responsable do arquivo ou oficina pública en que se encontren, empregando calquera método que garanta a imposibilidade de reconstrución e de posterior utilización deles. A eliminación de documentos soamente poderá levarse a cabo, despois do correspondente proceso de valoración documental, segundo se establece nos artigos seguintes.

2. Enténdese por valoración documental o estudio e análise das características históricas, administrativas, xurídicas, fiscais e informativas da documentación.